

Sobre a Fundación Inxeniero Gerardo García Campos

A fundación "Inxeniero Gerardo García Campos" comeza a súa andadura no ano 1999 co obxecto de dar soporte a actividades que tiña previsto facer Xerardo García Campos e que se afastan un pouco dos proxectos industriais consolidados; tales como o apoio ós promotores de calquera actividade científico - técnica que precise un soporte tanto financeiro como científico, estrutural e moral que lles axude a realizar aquela actividade que xa está en marcha pero que precise un apoio para acadar a súa consolidación definitiva.

Tamén pretende crear conciencia na sociedade galega para que saiba que existe unha fundación que ten unha función exclusivamente científico - técnica; á que poder acudir para recibir unha axuda no desenvolvemento de calquera actividade científica.

Sobre AETG

A Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, creada en 1991, é unha asociación sen ánimo de lucro que conta con máis de 1000 **profesionais** das Telecomunicacións e das Tecnoloxías da información.

Os Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia representan case un **10% dos Enxeñeiros de Telecomunicación de España**. É este un dos principais motivos polo que unha asociación que representa a este colectivo, cobra vital importancia á hora de contribuír ao desenvolvemento da Comunidade Galega en canto as Tecnoloxías da información.

Fundación Inxeniero
Gerardo García Campos



PREMIO "GERARDO GARCIA CAMPOS" 2006



Bases do premio “Gerardo García Campos” á mellor iniciativa empresarial no sector TIC 2006

Convocatoria:

A Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia convoca o premio “GERARDO GARCÍA CAMPOS” á mellor iniciativa empresarial no sector TIC 2006, patrocinado pola FUNDACIÓN INGENIERO GERARDO GARCÍA CAMPOS.

Coa concesión deste premio preténdese dar un impulso económico, empresarial e social a aquelas empresas que están empezando a súa andaina. A convocatoria farase pública na páxina web www.aetg.org, no Diario Dixital, así como nas notas de prensa que se remitirán aos distintos medios de comunicación.

1. Obxectivo do premio:

O obxectivo do premio é recoñecer un proxecto empresarial emerxente no ámbito das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, TIC, que destaque nalgunha das áreas seguintes:

- Introducción das TIC en sectores onde aporten valor en procesos tradicionais.
- Desenvolvemento de produtos aplicables en mercados amplos.
- Orientación a exportación.
- Creación de emprego tecnolóxico.
- Actividade en I+D+i.
- Aumento do espectro de valor no sector das TIC (*contidos*).
- Desenvolvemento de produtos de interese social.

En definitiva calquera proxecto que represente unha innovación no sector das TIC.

2. Dotación do premio:

A dotación do premio é de 6.000 Euros.

3. Ámbito da convocatoria:

Poden concorrer ao premio todas as pequenas e medianas empresas (pemes) privadas españolas relacionadas co sector das TIC que leven constituídas menos de cinco anos na data da convocatoria.

Por ser a Fundación de interese galego e contar co protectorado da Consellería de Innovación, Industria e Comercio da Xunta de Galicia, os proxectos que se presenten deben ter un claro vínculo coa comunidade galega tendo que cumprir algún dos seguintes requisitos:

- Que os socios fundadores sexan galegos
- Que a sede social estea en Galicia
- Que o proxecto empresarial repercuta nun beneficio evidente para a nosa comunidade: socialmente, no sector industrial, ou nos sectores tradicionais (gandería, agricultura ou pesca)

4. Documentación a aportar:

Aquelas empresas que desexen optar ao premio deben aportar a seguinte documentación:

Información sobre a empresa: Breve historia da empresa.

Memoria explicativa do proxecto ou proxectos que se consideren de mérito para o premio:

- Descrición técnica
- Con un mínimo de 5 folios.*

5. Presentación e prazo de entrega:

O resumo da memoria enviarase por correo electrónico á dirección:

administracion.coetg@coit.es
aetg@aetg.org

Indicando en Asunto: “Premio Gerardo García Campos”

O prazo de recepción das memorias rematará o 4 de novembro de 2006

6. Composición do xurado e procedemento de concesión do premio:

O Xurado encargado da adxudicación do premio estará formado por nove membros: Presidente, Vicepresidente, Secretario e seis Vocais. Exercerá como Presidente do xurado un patrón/a da Fundación Inxeniero Gerardo García Campos e como Vicepresidente e Secretario, os membros da AETG que designe a Xunta Directiva. Os seis vocais serán representantes da Secretaría Xeral de Comunicación, da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual e das empresas e asociacións das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, que serán nomeados conxuntamente entre a AETG e a Fundación Inxeniero Gerardo García Campos.

Na concesión do premio valorarase en grande medida a viabilidade do proxecto a medio e longo prazo.

O xurado poderá invitar a novas empresas TIC a presentarse ao premio

A decisión do xurado será inapelable.

7. Publicación do fallo e entrega do premio:

A entrega do premio farase durante o transcurso da Noite Galega das Telecomunicacións e a Sociedade da Información 2006.